



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

## PRESENTACIÓN DA EXPOSICIÓN TEMPORAL

# A BARCA DE CARONTE

## A travesía vital de Isaac Díaz Pardo



**xuño – decembro 2025**

**ORGANIZA E COORDINA:** Museo de Belas Artes da Coruña

**COMISARIO:** Xosé Díaz Arias

**LUGAR:** Museo de Belas Artes da Coruña

**DATA de INAUGURACIÓN:**

19 de xuño de 2025

**DATA de CLAUSURA:** 14 de decembro de 2025



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
CULTURA, LINGUA  
E XUVENTUDE



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

## CONTIDO DA EXPOSICIÓN

Coincidindo coa dedicación do Día das Artes Galegas de este ano 2025 por parte da Real Academia Galega de Belas Artes á figura do artista Isaac Díaz Pardo, o Museo de Belas Artes da Coruña organiza a exposición “A BARCA DE CARONTE. A travesía vital de Isaac Díaz Pardo”, comisariada polo seu fillo Xosé Díaz Arias e en colaboración co equipo técnico facultativo do Museo de Belas Artes da Coruña. O proxecto expositivo correrá a cargo de Xosé Luis Rey Barreiro.

O título da mostra xorde das dúas grandes obras que Isaac realizou en distintas épocas sobre o relato mitolóxico da nave do barqueiro do inframundo. O tema, que insinúa a viaxe do pobo galego cara ao seu destino, evoca aquí o propio percorrido creativo do artista, que vai dende as artes plásticas ao deseño industrial.

A exposición articúlase en **cinco seccións** coas que se pretende amosar esa traxectoria, desde a súa primeira etapa pictórica ata a derradeira, deseñística e industrial, pasando pola etapa de transición plástica e a do estudo e posta en práctica dos sinais que transmite a tradición e a memoria, coa creación do Laboratorio de Formas de Galicia e os seus proxectos.

### 1. O pintor de cabalete

Esta sección iníciase coa súa formación da man do seu pai, o escenógrafo, grafista e artista plástico Camilo Díaz Baliño, e remata na Escola Superior de Belas Artes de San Fernando en 1942, grazas a unha bolsa de estudo que lle concede a Deputación da Coruña.

Os anos corenta marcan a súa primeira etapa pictórica que se caracteriza por un clasicismo no que amosa un dominio pleno do oficio e que perfecciona estudando os grandes mestres no Museo do Prado e nas viaxes de estudo a Italia.

Posteriormente, xa na década dos cincuenta, as súas experiencias en deseño cerámico alumean a etapa intermedia, en que a pincelada vólvese máis solta e expresiva.



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
CULTURA, LINGUA  
E XUVENTUDE



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

**Obras:**



***A barca de Caronte***

Tríptico, óleo s/lenzo, 1955 (172 x 288 cm)

Colección particular



***As parcas***

Ca. 1945, Óleo s/lenzo (150 x 200 cm)

Colección particular



***Xentes que ollan vir algo***

1954, Óleo s/lenzo (46 x 64 cm)

Colección particular



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
CULTURA, LINGUA  
E XUVENTUDE



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

## 2. Unha transición firme

Nesta sección amosarase o seu cambio radical de rumbo, da pintura á cerámica, xa que en 1949 funda a sociedade Cerámicas do Castro SL, que instala no lugar do Castro de Samoedo, no concello de Sada. Exporanse as primeiras pezas realizadas no obradoiro do Castro de Samoedo nas que transfire a esencia da súa pintura á arxila. O pintor de cabalete convértese, así, nun industrial ceramista, principiando unha andaina que durará toda a súa vida.

### **Obras:**



#### ***Nu tendido.***

Primeiros anos cincuenta, Porcelana (23,5 cm/longo)  
Colección particular



#### ***Prato Peixes A***

Anos cincuenta, Porcelana (20,5 cm/diámetro)  
Colección particular



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

### 3. América e o exilio

Desde que en 1955 Isaac viaxa a Bos Aires invitado polo Centro Galego para expoñer as súas pinturas e cerámicas, xa non deixará Arxentina ata o ano 1967. Alí crea a sociedade Zeltia S.A. que pon en marcha a factoría de Porcelanas de Magdalena, crisol de renovación. O contacto co grupo de exiliados, en especial con Luis Seoane, dará lugar ao proxecto Laboratorio de Formas, que formulará as bases teóricas das iniciativas industriais e culturais na Galicia atrasada da ditadura.

#### **Obras:**



**María Magdalena**  
1958, Porcelana (20 cm/alto)  
Colección particular



**Bailadores tangueros**  
Ca. 1959, Porcelana (18 cm/alto)  
Colección particular



**Maternidade**  
1963, Óleo s/lenzo (65x43 cm)  
Fundación María José Jove



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

#### 4. Proxecto «Laboratorio de Formas de Galicia»

Nesta sección amósanse desde os inicios do Laboratorio que datan de 1963 en Bos Aires, cando Isaac e Seoane deciden crear unha entidade para orientar e dirixir as iniciativas que ían concebindo para materializar nun futuro en Galicia, ata cando en 1967 crean legalmente o Laboratorio e definen o seu corpo teórico, coas ideas que xorden das inquedanzas de ambos os dous polo papel do artista na sociedade industrial e converter as particularidades locais en universais. Con estas premisas verán a luz Ediciós do Castro, seguida da restauración de Sargadelos, o Museo Carlos Maside, o novo Seminario de Estudos Galegos, a Escola Libre, o Instituto Galego de Información...

Neste apartado da exposición amosaranse deseños de mobiliario, arquitectura, cerámica e gráfica realizados por Isaac.

#### Obras:



#### **O crimen de Londres.**

1977, Tinta china s/papel (70x50 cm)

Colección particular



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA



**Cartaz O burro**

1980, Impresión s/papel (61x37,5 cm)

Colección particular



**Tumbona**

1972, Madeira e tea (60x95x55 cm)

Colección particular



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

## 5. Sargadelos

Aquí amosarase a recuperación e resturación da actividade cerámica en Sargadelos, que comeza entre 1965 e 1966 cun convenio entre o Laboratorio de Formas de Galicia e Cerámicas do Castro. Cabe destacar os antecedentes nas Reais Fábricas establecidas por Raimundo Ibáñez en 1806, ata o peche en 1875 da Real Fábrica de Louza de Sargadelos.

O convenio designa ao Laboratorio como promotor da nova sociedade e responsable da orientación estética e a planificación de todas as formas utilizadas pola empresa. Isaac e Seoane buscaban darlle nova vida a Sargadelos cunha cerámica vinculada a seu tempo pero baseada nas formas tradicionais e na memoria histórica galega, para conseguir produtos cunha clara vocación universal.

A nova fábrica de planta circular, deseño de Andrés Fernández-Albalat, inaugúrase en 1970 e a empresa estará dirixida por Isaac ata o ano 2006, en que é cesado polos socios.

A iniciativa de Isaac ía máis aló: En 1972 Isaac fundou o Seminario de Estudos Cerámicos para labores de investigación pero tamén para a realización de actividades culturais e pedagóxicas, destacando as Experiencias de Tecnoloxía e Escola Libre entre 1972 e 2006, unha experiencia singular con proxección internacional.

### Obras:



***Costureira con máquina de coser automática, trompas audiovisuais, detector de mentiras e con furado espía para defensa dos metementado e dos cans merendeiros - patente de invención 1972-1973***

1973, Porcelana e gres (72 cm/alto)

Colección particular



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA



**Muller namorada**

Ca. 1973, Porcelana (23,5 cm/alto)  
Colección particular



**4 Carteis Escola Libre**

1973-1980. Impresión s/papel (50x35 cm)  
Colección particular



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
CULTURA, LINGUA  
E XUVENTUDE




MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

## AS OBRAS E OS PRESTADORES

A exposición reúne cerca de 150 obras, principalmente de Isaac Díaz Pardo, xunto con algunha de artistas como o seu pai Camilo Díaz Baliño ou de Luís Seoane, Torrallardona, Torres Agüero; Laxeiro ou Geno Díaz. Abundan as pinturas pintadas ao óleo, pero tamén debuxos e obra gráfica, xunto cunha variada selección de pezas cerámicas así como pezas de mobiliario deseñadas polo artista.

As obras proveñen na súa meirande parte da colección atesorada pola familia Díaz Pardo, á que se unen pezas doutros prestadores, tanto privados como institucionais (Concello da Coruña, Museo de Pontevedra, Colección de Arte Abanca, Fundación Luís Seoane, Fundación María José Jove, Real Academia Galega).

Así mesmo, o Museo de Belas Artes aporta á mostra as obras de Isaac Díaz Pardo que forman parte da colección permanente, como *Xentes que ollan*, un óleo de 1963 doado en 1990 por Elvira Fernández López, viúva de Luís Seoane; un *Nu* dos anos corenta; ou *o Discurso* (c. 1947-1948), obra depositada no museo pola Deputación da Coruña.



***Xentes que ollan***

1963. Óleo s/lenzo (39 x 55 cm)  
Museo de Belas Artes da Coruña



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA



**Nu**

1940-1948. Óleo s/lenzo (77 x 101 cm)

Museo de Belas Artes da Coruña



**O discurso**

1946. Óleo s/lenzo (165 x 190 cm)

Museo de Belas Artes da Coruña (depósito da Deputación da Coruña)

A mostra completarase tamén na visita polo museo mediante a incorporación de obras e pezas expostas nas salas, que se contextualizarán pola súa relación cos contidos e coa época da exposición, xa sexan obras de autores vencellados a Isaac Díaz Pardo, como Luís Seoane, ou ben pezas da Real Fábrica de Louza de Sargadelos. Desta maneira, o visitante poderá completar a visita á exposición cun percorrido polas salas do museo, acadando unha visión máis ampla da época.



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

## CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN

Está prevista a publicación do catálogo da exposición co título “A BARCA DE CARONTE. A travesía vital de Isaac Díaz Pardo”, que se presentará no último trimestre do ano.

## ACTIVIDADES

A exposición complementarase coa organización de distintas actividades ao longo dos meses que dure a mostra:

- **CONFERENCIAS**

Ciclo temático de conferencias en torno aos contidos da mostra no que intervirán destacadas personalidades especializadas no artista e na súa vida e traxectoria profesional (a concretar).

- **CURSO**

Curso “Arte galega no exilio” impartido por Alberto Cartón dentro do ciclo Os temas da Arte que se desenvolverá nos meses de outubro e novembro.

- **CICLO DE AUDIOVISUAIS**

Estase a valorar a posibilidade de facer un ciclo de audiovisuais en torno a figura de Isaac Díaz Pardo (a concretar).

- **VISITAS GUIADAS**

Ofreceránse visitas guiadas tanto para centros escolares como para centros e asociación culturais, de inclusión e diversidade, así como para o público en xeral.



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
CULTURA, LINGUA  
E XUVENTUDE



MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

## DIFUSIÓN

Para a difusión da exposición cóntase coas diferentes canles do museo:

- **PÁXINA WEB**

Desenvolverase no sitio web do museo unha micropáxina explicativa da exposición na que se ofrecerá información didáctica dos seus contidos e amosaranse as obras expostas.

- **REDES SOCIAIS**

A través das diversas plataformas coas que conta este museo (Instagram, Facebook, X, Bluesky, Threads, YouoTube, Vimeo) achegarase a mostra aos diferentes públicos mediante a súa difusión axeitada aos contidos das diversas canles e aos diferentes usuarios.



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
CULTURA, LINGUA  
E XUVENTUDE